

Non é ouro todo o que reloce
Carlos Tejo

O comportamento humano contén unha dose importante de falsidade que nos impide coñecer a esencia que se agacha en cada un de nos. A quinta edición de *Chámalle X* levou como subtítulo *Imaxes da aparencia* e propuxo unha reflexión sobre aquelas actitudes que constrúen un estado de simulación; unha barroca fachada que empapa o comportamento humano e o recubre dunha epidermes construída a partires de complexos mecanismos de conducta que son dirixidos por estratexias políticas, económicas, políticas ou culturais. E non se trata de analizar sómente aquilo que permanece agachado, o falso, o reflexo ou a máscara. Ademais, *Chámalle X* fundiuse coas múltiples ferramentas utilizadas polo complicado comportamento da aparencia. Tamén coas súas consecuencias e puntos de partida. As accións e conferencias que se presentaron nesta quinta edición se achegaron nun sentido amplo a estas preocupacións, mergullándose en aqueles códigos sociais que dirixen o noso xeito de relacionarnos, de amarnos, de informarnos..., códigos que se empeñan en ofrecer unha manipulada realidade que faise forte nun universo feito a súa medida. Partindo deste contexto, os traballos e reflexións teóricas presentados en *Imaxes da Aparencia* indagaron en espazos onde se cuestionaron, reflectiron ou parodiaron aqueles comportamentos que determinan nosa “actuación” en sociedade. Así, os artistas incluídos nesta edición utilizaron diferentes soportes e procesos e nos enfrontaron a un xogo conducido por normas enmarañadas. Un xogo que, ao tempo que nos protexe, difumina o noso verdadeiro ser. Todos nos estamos comodamente situados na caverna pero non ateigamos con suficiente claridade o que estar a pasar fora. Ó noso arredor sómente hai sombras.

Alén deste fío conductor que aglutinou as accións e conferencias, Chámalle X inaugurou este ano dous apartados: *Pais invitado* e a *Acción en vídeo ou o vídeo da acción*. Na sección de *Pais invitado* o noso ánimo foi achegar ao público o que está a pasar fora do estado español no campo da performance. Descubrir si realmente estamos nun momento onde o global devora ao local ou si os diferentes contextos culturais propoñen un modo de ver e facer a performance diferente aos procesos que acostumamos a ver na comunidade de artistas que viven e traballan en España. Para abrir este sección, comezamos con Portugal xa que nos consta que desenrolan un traballo importante e rigoroso neste eido, mantendo estruturas, moitas das veces alternativas, onde a acción ten un protagonismo incuestionable. Abrindo a participación portuguesa, tivemos a grata oportunidade de contar con o traballo de João Samoes que con *Blackout* nos propuxo unha descarnada reflexión sobre a morte. Fernando Aguiar presentou a performance titulada *Soneto dos sentidos*; unha melodía de sensacións que partindo do soporte pictórico transitou por territorios próximos á poesía visual. Pechando a participación portuguesa puidemos asistir á creación de Nuno Oliveira e Margarida Chambel titulada *Série culinária preocupações*. A súa performance soubo equilibrar o lúdico e o tético cun gran sentido do pracer estético. Nuno e Margarida camiñaron por enriba do noso espírito, creando sofisticados códigos semánticos onde o espectador tiña que parase e pensar. Como complemento teórico a participación dos artistas portugueses contamos ca presenza de Daniel Pires, xestor cultural e director do centro cultural Maus Hábitos, situado na cidade de Porto. Con Daniel nos achegamos un pouco mais pelo miúdo á realidade cultural portuguesa e ao funcionamento do excelente centro cultural que ele dirixe.

No apartado *A acción en vídeo ou o vídeo da acción* se presentaron traballos de destacados artistas españois. Para elo, utilizamos o soporte videográfico nunha dobre vertinte: ben como documento das accións, ben coma un medio que, achegándose a procesos performativos, deu lugar a un traballo de vídeo-arte. Os traballos que puidemos ver nesta sección foron: *Nueva ola* de Joan Morey, *Populismo y popularidad* de Antonio Ortega, *Pero tú... ¿eres tú? No, yo soy su...* do colectivo Sra. Polaroida formado por Alaitz Arenzana e María Ibarrexe e *Kill yr idols* de Estíbaliz Sábada. A base formal sobre a que Morey constrúe o seu vídeo é a adopción da estética sinistral da New Wave que se nutre, coma telón de fondo, coa banda sonora do filme “Nouvelle Vague” de Jean-Luc Godard. Morey presenta un escenario de dominación e dominados, unha metáfora do que podería ser unha estrutura xerarquizada de calquera dos nosos contextos sociais. Contrariamente a Morey, e cun sentido moito mais lúdico, Antonio Ortega recrea un plató de televisión onde ten lugar unha entrevista a un personaxe mediático. Nembargantes, e fora dos códigos sensacionalistas empregados polos medios de información, este personaxe se presenta sen aparatósidades, espido ante á audiencia nun plató sen luxos; a anti-tv está servida. O colectivo Sra. Polaroida recrea un cargado contexto doméstico onde dúas mulleres están condicionadas polo absurdo dunha situación que non as conduce a ningunha parte. As dúas mostran xeitos diferentes de habitar o espazo; un espazo onde o corpo e os seus límites serán os protagonistas. Pechando o ciclo puidemos ver o vídeo titulado *Kill yr idols* de Estíbaliz Sábada. Un primeiro plano do seu rostro é “empapelado” por recortes de prensa onde se fai alusión o “universo feminino”. Con esta acción rexistrada póla cámara, Estíbaliz pon de manifesto como os medios de masas constrúen unha imaxe da muller que non trascende os estereotipos alimentados póla sociedade patriarcal.

Dentro do apartado das conferencias e presentacións de proxectos tivemos a oportunidade de ter entre nos a Lourdes Méndez, Catedrática de Antropoloxía da Arte da Universidade do País Vasco. O seu relatorio titulado *No campo artístico contemporáneo: novas aparencias, vellas desigualdades*, supuxo un lúdico exercicio de análise afondando na complexa relación dos diversos axentes do arte contemporáneo e das intrincadas relacións de poder que se establecen entre eles. Alén da conferencia de Lourdes Méndez, seguimos a contar coa colaboración do Centro Galego de Arte Contemporánea de Santiago de Compostela (CGAC) que, como xa vai sendo habitual, presentou da man de Carme Hermo o ciclo de performances *Arte no parque*. En este ciclo, celebrado anualmente hasta o pasado ano, participaron os artistas María Marticorena (Galicia), Miguel Noguera (Barcelona), María Gil (Portugal) e Félix Fernández (Galicia). A comisaria do ciclo, Carme Hermo, explicou con rigor e minuciosidade os proxectos dos artistas seleccionados. Outra das actividades en colaboración co museo de Santiago foi a presentación do proxecto *Tabula rasa. Novas prácticas transdisciplinares*. Os comisarios, Ana Pose e Fran Alvarez, falaram da estrutura da súa proposta e analizaron a obra dos artistas incluídos: Yolanda Castaño (Galicia), Branca Novoneyra (Galicia), Gilles Aubry (Suiza), Analog Suicide (Turquía), Bonesfield (Valencia), Sintezija (Lituania), Arnaud Riviere (Francia) e Joaquín Lana (Galicia). Pechando o bloque teórico e as colaboracións con institucións de fora da universidade, Agar Ledo Arias, responsable do Departamento de Exposicións do Museo de Arte Contemporánea de Vigo (MARCO), reflexionou sobre a relación do MARCO e as diferentes prácticas performativas que pasaron por o museo vigués na súa conferencia titulada *Sobre a performance (e o performativo) na institución. Exemplos no MARCO (2002-2008)*.

Zaida Gómez Rubio e Julio Fernández Peláez, “romperon o fogo” das performances, buscando persoas voluntarias para participar na seu proxecto *Faite público*. Foi unha acción que se dilatou no tempo, que tivo un longo e difícil recorrido e que se ramificou (transcendendo así o espazo inmediato da facultade de Belas Artes) para difundirse, por medio da rede, ao planeta terra. A súa proposta mesturou o público da rede co privado dun acto íntimo enfronte dunha cámara. As persoas voluntarias se inscribían nunha lista para, no último día das xornadas, “actuar” libremente diante dunha cámara-web. *Faite público* foi a liberdade total viaxando polo ciber-espazo, un acto privado que perde a súa dimensión e se masifica, a curiosidade do voyeur que permanece expectante enfronte do seu ordenador. Ese mesmo día, tivemos entre nos a José Iges e a súa *Colección de abismos*. A performance de Iges combinou, como él mesmo di, a voz, o xesto, o movemento, o son organizado e a electrónica en vivo. Nun falso estudio de radio, quizás un guiño a súa excelente traxectoria nas ondas, José moveuse entre a poesía, o signo e a metáfora. Expresou unha significativa colección de opostos, xogando con dobres sentidos que refrescaron a nosa imaxinación.

Manto nocturno, a performance que presentou Ana Gesto, foi a única das xornadas que saíu ao entorno urbano. Mergullada na estrutura do rito, Ana colocouse un abrigo de ferro construído cós restos dun somier e comezou a camiñar por enriba da perda e do desasosego. Unha manifestación dos empregados da limpeza escoitábase ao fondo engadindo tensión a propia acción. O Manto nocturno nesta ocasión non a protexía, mais ben a desacougaba. Ana se detiña a cada paso, tentando ciclicamente convencer a soidade de que aquel non era o seu sitio. Construír para destruír, o eterno absurdo da nosa existencia. Xa pola tarde, Pepe Murciego, artista dunha ampla traxectoria na performance, chegou a Pontevedra presentando unha acción titulada *En resumidas cuentas*. A performance dividiuse en tres partes, no meu modo de ver, ben diferenciadas. Quizás a pulcritude e a beleza das diferentes “escenas” foi o nexa que aglutinou os tres estados do artista. Murciego, correctamente traxeado en negro, recordábanos á magnífica “escultura-cantante” de Gilbert & George. Coma a parella de artistas, o seu corpo formaba parte fundamental dun obxecto vivo, irónico e repetitivo: unha vella televisión cun primeiro plano doutro rostro (feminino) alimentaba un discurso baleiro, un *mantra* inconsistente. Abandonando a máscara, Pepe leu a modiño a súa correspondencia electrónica mais recente. Anacos de tempo descontextualizados que xa non tiñan sentido. Para rematar, o artista brindou por todos (“saúde”) nunha proba de resistencia física, pois ante un público entregado, bebeu un litro de viño que encheu os corazóns de todos os asistentes. Seguindo a performace de Pepe Murciego, e case rematando a sesión do mércores, contamos ca presenza do grupo de accións Ad-hoc. Este grupo está formado por Elisa Framil, Carlos Piñeiro, Antonio Rivas, Pedro Lamas, Begoña Miguéns, Ramón Cruces, Lois Gil e, dun xeito accidental, por Alberto Augusto Miranda, Alexandre Teixeira e Manuel Guimarães. A acción que presentaron levaba por título *As horas*. Este colectivo que traballa sen descanso dende hai algúns anos é interesante porque, alén da calidade das súas propostas, agrupa un número de persoas autodidactas que teñen, todavía, moito que dicir. Deste xeito, nun delirio de música en vivo e traballo fonético-corporal, propuxeron unha reflexión sobre a falsidade do sistema de consumo que coma unha *Mantis religiosa* acaba devorando a quen lle da de comer.

Xá chegando ao último día das xornadas David Crespo nos falou de desengano, amor, traizón e rabia na súa particular performance titulada *1,2,3...y*. Na sesión da tarde, o artista valenciano Víctor Bonet, deleitounos con *Paréntesis*. Esta acción desenvólvese

nunha habitación completamente escura. Nun primeiro momento, os espectadores adiviñaban como unha fina choiva de área caía delicadamente sobre o chan, arredor dunha copa. Despois, a escuridade dunha sala en silencio, un silencio que sómente rompíase por o mecánico ruído que o artista producía ao pedalear enriba dunha bicicleta fixa que non podía ir a ningures. Seguíamos sen ateigar nada, só escoitábamos, anestesiados, o son do pedaleo. Estábamos inmersos nun momento onde tiñamos tempo, moito tempo para pensar no que pode chegar, no que xa pasou. Coma as imaxes da nosa vida que corren velozmente diante dos ollos antes de morrer, Bonet deunos unha morea de sensacións. Víctor continuaba a pedalear e pouco a pouco, aquilo que parecía un esforzo inútil, encheu de luz o espazo. Foi case coma unha comunión espiritual, unha viaxe que a pesares de non alcanzar ningunha meta soubo descubriarnos a importancia do traxecto. Despois de ficar abraiados pola excelente acción de Bonet, o grupo Velvet & Crochet nos deron unha lección de esgrima metafísica na súa performance titulada *Sobre la espada manda el corazón*. Impecablemente vestidos, demostraron ter un profesional dominio da espada e do verbo. Cunha “posta en escena” próxima os parámetros dunha clásica representación teatral, Rafael Suárez e François Winberg, rabuñaron no esencial do ser humano. *Touché*.

E así chegamos unha convocatoria mais ao final das xornadas, unhas xornadas que naceron moi humildemente e hoxe en día están a ser un referente en todo o estado español. Teño que agradecer profundamente o regular apoio que ven prestando a Vicerreitoría do Campus de Pontevedra que un ano máis confía na nosa xestión e mantén o seu respaldo. Tamén subliñar a importancia da colaboración do CGAC e do MARCO que puntualmente enriquecen a nosa programación con conferencias e presentacións de proxectos. E, como non, agradecer a presenza dos artistas convidados e do público que nos demostran ca performance ten aínda moito que dicir.